

CONVENIO ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO, A TRAVÉS DO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO (DIRECCIÓN GENERAL DE INDUSTRIA Y DE LA PEQUEÑA Y MEDIANA EMPRESA) E A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) PARA A CONCESIÓN DE APOIO FINANCEIRO AO INVESTIMENTO INDUSTRIAL NO MARCO DA POLÍTICA PÚBLICA DE REINDUSTRIALIZACIÓN E FORTALECEMENTO DA COMPETITIVIDADE INDUSTRIAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar coa Administración Xeral do Estado, a través do Ministerio de industria, Comercio e Turismo (Dirección General de Industria y de la Pequeña y Mediana Empresa), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, previa inscrición no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, e estará vixente durante catro anos dende dita publicación, prorrogables por outros catro adicionais ou a súa extinción, no marco do Programa de Financiamento regulado pola Orde ICT/1100/2018, do 18 de outubro pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de apoio financeiro ao investimento industrial no marco da política pública de reindustrialización e fortalecemento da competitividade industrial.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular os termos da colaboración entre a DGIPYME e o IGAPE, no marco do apoio financeiro as actuacións de reindustrialización e fortalecemento da competitividade industrial, reguladas pola Orde ICT/1100/2018, do 18 de outubro, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de apoio financeiro ao investimento industrial no marco da política pública de reindustrialización e fortalecemento da competitividade industrial, así como no marco do servicio Financia_Industria.

Este convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre as partes firmantes, que actuarán de forma absolutamente independente e autónoma, sendo obriga específica e exclusiva de cada parte cumprir con cantas obrigas legais lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade de acordo coa normativa que lle resulte de aplicación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

O Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (MINCOTUR), é o Departamento da Administración Xeral do Estado encargado da proposta e execución da política do Goberno en materia de industria, comercio e turismo que abarca, entre outros aspectos, o desenvolvemento industrial e da pequena e mediana empresa, a promoción e defensa da propiedade industrial, atribucións que lle confire o ordenamento xurídico.

O Real Decreto 998/2018, do 3 de agosto, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, establece, para a Secretaría Xeral de Industria, entre outras competencias, as de proposta, execución, seguimento e avaliación da política industrial e políticas de apoio e promoción da actividade da pequena e mediana empresa encamiñada á mellora da súa competitividade, así como de actuacións e programas dirixidos a facilitar o acceso ao financiamento das empresas industriais e pemes.

A Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa (DGIPYME), dependente da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa (SGIPYME), é o órgano directivo do MINCOTUR que ten encomendada a elaboración, xestión e seguimento de programas e actuacións destinadas a mellorar a competitividade e eficiencia dos sectores produtivos ou que xeren valor para as actividades industriais, sen prexuízo das competencias que correspondan a outros departamentos ministeriais, segundo o disposto no artigo 7 Real Decreto 998/2018, do 3 de agosto, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

O IGAPE é a axencia de desenvolvemento de Galicia, adscrita á Consellería de Economía Emprego e Industria da Xunta de Galicia. Como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, entre os seus principais obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo. O artigo 11 da Orde ICT/1100/2018, do 18 de outubro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de apoio financeiro ao investimento industrial no marco da política pública de reindustrialización e fortalecemento da competitividade industrial establece nos seus apartados 2 e 3 a xestión coordinadas dos procedementos.

A SGIPYME, a través da DGIPYME vén ofrecendo desde o ano 2016 un servizo de asesoramento previo (Financia Industria) para aquelas empresas industriais interesadas en solicitar financiamento á administración para levar a cabo un proxecto industrial na súa organización. Con este obxecto, creouse unha rede de entidades colaboradoras nos diferentes territorios para capilarizar o servizo e chegar ao maior número de potenciais solicitantes. Actualmente, a maioría destas entidades colaboradoras dependen directamente da Comunidade Autónoma, sendo no caso de GALICIA, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), polo desenvolvemento da Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0 que ten entre os seus programas o fomento do desenvolvemento e do emprendemento industrial.

Co servizo de asesoramento personalizado preténdese aumentar as posibilidades de éxito na petición de financiamento público. Financia Industria ten unha coordinación efectiva con outros organismos financiadores da administración (SEIDI, CDTI, ENISA), así como coas CC. AA. Neste último caso, creou unha rede de colaboradores no territorio (maioritariamente as axencias de promoción económica e industrial das CCAA) co obxecto de capilarizar o servizo.

Recentemente, incorporou un servizo adicional denominado Financia_Industria_Seguimento que asesora a empresas que recibiron financiamento da SGIPYME co obxecto de que a empresa teña unha alta taxa de éxito na realización do proxecto que lle foi financiado.

Financia Industria contempla tamén o desenvolvemento de xornadas de difusión dos programas de apoio financeiro á industria. Esta é unha vía de contacto alternativa, debido a que tamén pode solicitar unha entrevista persoal cun técnico o día da xornada.

Polo exposto, coincidentes os fins de ambas as partes e no marco das súas competencias, consideran de interese establecer unha colaboración entre a DGIPYME e IGAPE, para o desenvolvemento da xestión coordinada do programa de Reindustrialización e Fortalecemento da Competitividade Industrial e do servizo Financia_Industria.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O DIRECTOR XERAL DO IGAPE

Juan Cividanes Roger